



Confederación Intersindical Galega  
BANCA, AFORRO, SEGUROS E OFICINAS

Comunicado nº 18  
**CONVENIO DE BANCA**

## **A CIG continúa as mobilizacións e solicita a intermediación do Ministerio de Traballo**

*A manifestación convocada pola CIG en Pontevedra contou con máis de 300 delegados/as segundo a prensa.*

*Convocamos unha nova Manifestación Nacional o 19 de decembro en Ourense.*

*A CIG solicitou a intermediación do Ministerio de Traballo para que convoque as partes.*

O pasado día 21 de novembro máis de 300 delegados/as da CIG (cifras da Voz de Galicia e do Faro de Vigo) de tódolos Comités de Empresa do sector financeiro na Galicia, participaron na manifestación convocada pola Federación de Banca e Aforro da CIG ante a ruptura da negociación do Convenio da Banca.

A manifestación que percorreu as rúas de Pontevedra ía encabezada por unha pancarta co lema “Convenio Galego XA; Eiquí traballamos eiquí negociamos”.

Dentro do proceso de mobilizacións que comezou o pasado mes de xuño, e despois das manifestación de Santiago e Pontevedra, a CIG vén de convocar unha nova **Manifestación Nacional para o día 19 de decembro**, esta vez na cidade de **OURENSE**.

Por outra banda, a CIG solicitou oficialmente a intermediación da Dirección Xeral do Ministerio de Traballo para que convoque ás partes a unha reunión co fin de recompoñer a Mesa de Negociación. Primeiro paso para o desbloqueo da actual situación.



Galiza, 27 de novembro de 2003